

## Opinións recollidas no [blog da Biblioteca](#) do IES Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. O libro pareceume moi interesante, pois trata temas moi variados, de tecnoloxía, de medicina, de ecoloxía ... e todo visto dende unha perspectiva física e científica. Tamén incorpora algúns comentarios humorísticos que fan a lectura moito mais amena e divertida. Os distintos relatos dos que se compón o libro gustáronme polo dito antes e tamén porque emprega un léxico moi doado de ler. En definitiva con este libro apréndense cousas moi interesantes, como que é a mecánica cuántica e que existe a teleportación!!. Por estas cousas e por outras tan interesante coma estas hai que ler o libro. **(Andrea)**

2. O conxunto de artigos que compoñen o libro, aínda a pesares de ter como tema principal asuntos referidos á física, a astronomía, ou a física cuántica, preséntansenos dun xeito ameno e sinxelo. Aspectos da vida cotiá ou cousas que só coñecíamos en películas ou en soños, pónensenos en manifesto cunha base científica, é dicir, moi preto da nosa realidade. Atopar una reflexión sobre a simbiose entre insecto e árbore, unha explicación razoada de por que durmimos, ou que inclusive poidamos calcular a probabilidade da existencia de vida intelixente noutros planetas, deixan de ser simple teoría, para converterse, da man dunha redacción e léxico impecables, nunha realidade comprensible e aditiva, que alimenta a curiosidade por continuar con esas historias. **(Pilar)**

3. É un bo libro para coñecer a actualidade internacional da ciencia, pois trata de grandes cuestións que hai na actualidade coma a tecnoloxía, a medicina, de ecoloxía... Este libro é moi fácil de ler porque é moi ameno e con ilustracións humorísticas. En conclusión, con este libro apréndense cousas moi interesantes, coma porque nos durmimos ou como un explosivo se converte nun medicamento, e contaminante ambiental e resultou ser un espertador. **(Alejandro)**

4. Este libro é un conxunto de artigos de carácter científico no que se fala de temas coma a teleportación, a mutua axuda entre figueiras e avespas, a posibilidade da lonxevidade (aínda que só estea comprobado en pequenos fungos...), os cyborg, un futuro non tan remoto ou mesmo temas "bastante" comúns como a narcolepsia. O libro é moi doado de ler, ben sexa polo vocabulario empregado polo autor que intercala entre algún que outro termo científico algún comentario que "arranca" un sorriso e quizabes unha gargallada; ben sexa porque os artigos que expón Xurxo Mariño son realmente moi interesantes e fan que sigas a ler artigo tras artigo sen poder parar. Por último, o que fai inusual este libro, ademais dos temas dos que trata é a aparición de pequenas ilustracións, ó final de cada bloque temático, que fai referencia ao mesmo; hai un pouco de todo nestas ilustracións, algunhas son moi divertidas e outras... pois é preferible pasar de folia... Pero deixando fóra as ilustracións, o libro é moi interesante, un libro diferente que non trata dos típicos temas de amor, traxedia... un libro no que aprendes moitas cousas e moi variadas e ademais ameno, penso que o mellor libro con diferenza dos que lin ata agora. **(Bárbara)**

5. Este libro, aínda que a simple vista non me tiña moi boa pinta, gustoume bastante, pois trata temas non recollidos noutros libros dos que xa lin ó longo do curso. Neste libro tratásenos temas científicos e de moi variada temática e con un vocabulario sinxelo, o cal facilita aínda máis o labor de lectura. Ademais tamén conta con ilustracións que recollen de forma divertida temas dos artigos. **(Rebeca)**

6. O contido deste libro na miña sincera opinión é apaixonante, sobre todo para aqueles que están en ciencias, o cal non quere dicir que estea vetado para os demais, xa que é un libro moi instrutivo. No meu criterio é un libro moi instrutivo e permite achegarnos á ciencia un pouquiño máis. É un libro composto por numerosos artigos de temas moi distintos, escritos por un galego, Xurxo Mariño Alfonso, que está a traballar nunha universidade en U.S.A. o que ten moito mérito, xa que hoxe en día ver un galego facendo cousas importantes chega a parecer raro, xa que parece que as axudas chegan a Galicia en derradeiro lugar, e o que é moito mellor e que os seus artigos sexan en galego e que estea orgulloso de selo. Volvendo ao libro penso que o debería ler todo o mundo, xa que non importa se es de ciencias ou de letras, posto que é un libro para "todos os públicos" e permite aprender que as ciencias non son tan difíciles como parecen. **(Joaquín)** P.D. Gustaríame suxerir a todos aqueles que cheguen a ler o meu comentario que lle botasen unha ollada aos comentarios de Xulía, posto que na miña opinión ten un xeito de redactar moi bo e faino con moita delicadeza. Penso que como o fai ela é a mellor forma de facer un comentario. X.I.L.U. Aínda que só é unha suxerencia.

**Máis:** É un libro versado nas ciencias que trata temas tan interesantes como a tecnoloxía a medicina, o soño, pero todos enlazados mediante a ironía, o humor e co fin de entreter. Non é o típico libro tostón en plan química física, etc. senón que é un libro que tenta achegarse ao lector para que o que nos relata non sexa indiferente. Permite ademais descubrir cousas que polo menos eu ata hoxe non souben como é a existencia de teleportación, e permite entender temas tan complexos como a física cuántica ou como a concepción do universo. Como xa dixen antes e non me quero

redundar pero non queda outra, recomendaríallo a calquera tanto polo seu achegamento ao lector como polo seu léxico claro e sinxelo, sen nada que un non poida entender.

7. É un libro composto de relatos sobre descubrimentos científicos os cales me pareceron moi interesantes. Aínda que non saiba moito de ciencias naturais nin experimentos raros, entendín ben o que nos quere ensinar o autor. Este libro demostra que non é tan difícil saber e aprender cousas tan complexas coma o expansionismo do universo ou as utilidades de nitroglicerina. Podería concluír entón que mentres lía sentínme como se alguén me estivera explicando os acontecementos e descubrimentos dunha forma máis doada do que se explicaría nunha desas revistas científicas das que o autor tanto fala. Foi moi entretido ler sobre estas cousas cando se sabe que son temas dos que a nosa sociedade sabe ben pouco. **(Verónica)**

8. O libro está moi ben, realmente encontras nel artigos realmente interesantes, que ao acabar de los, podes manter largas conversas coa xente que coñeces sobre os temas. Ademais tamén te fai reflexionar sobre moitas cousas cotiás da nosa vida que case nunca lles damos importancia. Un dos artigos que mais me sorprenderon foron o do Led, xa que é moi interesante, e é unha noticia que está actualmente na boca de todo o mundo. por exemplo o outro día saíu no telexornal. Outro artigo moi interesante é o que se refire ao lume, xa que non soamente fala das consecuencias negativas que este ten, senón que che fala desa minúscula parte boa, que resulta ser maior que o que pensábamos. En definitiva, este libro é moi entretido e se tes unha desas tardes que non sabes que facer é un dos mellores plans, en vez de poñerte a ver a tele, como di o autor, que grazas a deus ten un interruptor pra poder apagala. **(Alba)**

9. Este libro pareceume realmente interesante.Os artigos tratan temas moi variados e interesantes dende un punto de vista científico. Os temas son moi curiosos e dáste de conta de cousas realmente interesantes e importantes que antes non te decataras delas; dende os diferentes usos da nitroglicerina (que quedei abraida con este artigo), os ultrasóns dos golfinhos (ecosonidos) e dos morcegos e a nosa capacidade de audición (menos mal que non escoitamos a estes animais senón acabariamos tolos), os sensores biolóxicos (moi interesante), o tema do descanso (que xa o escoitara pero nunca o analizara tan a fondo )que é a necesidade de que o noso cerebro organice todo o coñecido e experimentado durante o día ... en fin, pareceume un libro moooooi interesante, que non me importaría ler outros libros similares nos cales poida coñecer tantas cousas interesantes. **(Deborah)**

10. Xurxo Mariño xunta o científico co literario nunha obra doada de ler. Quen dixo que non era posibel mesturar ciencia e humanidades? O autor é quen de amosar as novas tecnoloxía e os avances máis actuais prescindindo do uso de léxico técnico que significaría unha lectura lenta e difícil de asimilar. Así mesmo, engade unhas ligazóns no caso de estar interesados no artigo, aínda que a maioría están nun inglés técnico o que complica o entendemento do texto. Persoalmente, todos os artigos me resultaron interesantes aínda que fiquei pampo co teletransporte, os cyborgs, o abuso dalgúns laboratorios ou o gasto de enerxía que se aforra cos novos LED. Agardo con impaciencia o novo libro do autor "Po de estrelas", xa que é unha forma de informarse sobre os numerosos avances da ciencia de forma clara e sinxela nunha hora escasa. **(Adrián)**

11. Poderíase dicir que este é un libro ben distinto aos demais; orixinal e diferente, pero non quita que non sexa divertido e moi interesante.Está estruturado en diferentes campos (tecnoloxía, sociedade, psicoloxía, medicina,...) e dentro de cada campo hai unha serie de reflexións persoais do autor, Xurxo Mariño, que falan sobre temas moi distintos. Ás veces, sorpréndete con algunha que outra información que descoñecías, que moitas veces é do teu interese e co que aprendes unha chea de cousas nas que ó mellor nunca te pararas a pensar. Sen dúbida, un dos que máis me gustou foi "A memoria de cando non existimos", que fala sobre o comportamento do corpo humano cando estamos durmindo.Tempo durante o cal o corpo encárgase de ordenar todo o que durante o día se alterou para poder facer todo o que precisamos. Tamén di que a sesta é beneficiosa cando durmimos profundamente, que nos axuda a cargarnos de enerxía para estar máis receptivos o resto do día. Despois, todo o referido a novas tecnoloxías que diminúen a contaminación, o gasto de enerxías,... parécenme temas moi interesantes; aínda que a última parte de física e tecnoloxía non me gustou moito, quizais porque se me fixo aburrido o tema do que falaba. Se cadra, por ser diferente e especial, é un libro que todos debedes ler. Gustaravos seguro! **(Aldara)**

12. *Os dados do reloxeiro* é un libro moi interesante xa que conta descubrimentos científicos do campo da física, a astronomía... Están contados dunha forma moi fácil de entender, é como se alguén chos estivera explicando á vez que os les. Algúns relatos parecen mais interesantes ca outros pero todos che descubrirán cousas que seguro que non sabías, ou, en caso de sabelo, non tiñas todos os datos suficientes. O que máis me gustou foron algúns artigos como o dos morcegos que están cegos e por iso se guían a través de ultrasóns e o do son. O único problema é que as ligazóns están en inglés e polo tanto, de querer ampliar o que liches, telo un pouco difícil, pero en xeral están moi ben. **(Sara)**

13. *Os dados do reloxeiro* pareceume un libro, dentro de todo, interesante. Particularmente non é o tipo de libro que me soe gustar pero considero toda unha fazaña literaria plasmar nun libro feitos reais dos que xa faláron outros. Non creo que sexa un mal libro, pero non me gusta ese tipo de literatura aínda que si debo recoñecer que os artigos dos que se compón son moi interesantes e falan de cousas que deberíamos saber. (**Arancha**)

14. *Os dados do reloxeiro* é un libro composto por moitos relatos de carácter científico que abranguen diferentes temas científicos, dende astronomía a bioloxía, pasando por tecnoloxía, neuroloxía, ecoloxía, etc. A lectura do libro fíxoseme un tanto pesada, aínda que non sabería dicir exactamente o por que, xa que o libro me parece que é bastante interesante, e algúns dos datos son verdadeiramente curiosos e outros implican unha reflexión sobre a actualidade ou o mundo no que vivimos. Sen embargo penso que a opinión do autor sobre moitas das cousas é excesivamente científica, e fatalista, por exemplo está rematadamente convencido de que dentro duns centos de anos os humanos seremos metade máquinas ou robots, ou que un humano pode chegar a ser inmortal mediante a implantación dun chip que sexa unha copia exacta da súa mente. Isto parécese demasiado fantasioso e futurista, sobre todo o referente á inmortalidade, non penso que en ningún momento un robot poida chegar a ser un "auténtico" ser humano, é algo que non alcanzo a pensar. Pero repito que o libro non deixa de ser interesante e ofrece explicacións, máis ou menos sinxelas a diversos temas da ciencia. (**Raquel**)

15. *Os dados do reloxeiro* é un libro de Xurxo Mariño Alfonso, consta de moitos pequenos relatos de carácter científico e dos que se parte dalgún novo descubrimento ou dunha noticia. Tamén algúns teñen algún debuxo humorístico referido ao tema do artigo. O libro é fácil de ler xa que son artigos referidos a algún tema tecnolóxico, biolóxico, astrolóxico... é empregan un léxico sinxelo de entender. Ademais aprendes moitas cousas curiosas e interesantes que nunca está mal saber. A miña valoración deste libro é bastante boa xa que non se fai pesado porque vai tratando diferentes temas e algunhas cousas bastantes interesantes. (**Pedro**)

16. *Os dados do reloxeiro* é un libro que consta de varios relatos referidos a curiosidades da ciencia, de bioloxía, de física, de astronomía, etc. Gustoume bastante porque o autor contaba as cousas dunha forma moi amena e incluso con certo ton humorístico nas viñetas que había ao final dos relatos. Ademais, se estabas interesado no tema do que falaba ao final, poñía unhas paxinas web nas que se facilitaba información, moitas das cales estaban relacionadas con estudos que fixera o mesmo autor xa que estivera no MIT (Instituto Tecnolóxico de Massachusetts). En resumo, un libro que recomendaría ler a calquera persoa. (**Tamara**)

17. *Os dados do reloxeiro* é un libro que trata temas sobre a física e a bioloxía e pareceume moi interesante porque hoxe en día xa non podemos vivir sen a ciencia e, na miña opinión, debemos estar sempre atentos ás novas científicas. Ademais, o autor preséntanos os temas cun vocabulario fácil de comprender e ás veces tamén con algunhas ilustracións, poñendo os coñecementos científicos ao alcance de todos. E se queremos saber máis, podemos ampliar o noso coñecemento coas ligazóns que nos proporciona o autor. O artigo que máis me gustou foi: 'o sorprendente parentesco da familia humana'. A verdade que me sorprendeu bastante porque di que todo o ser humano que hai hoxe neste planeta ten un antecesor idéntico e calcula que se encontra arredor do ano 5300 a.C., nese punto da historia todos os seres humanos actuais tivemos exactamente o mesmo grupo de antepasados, nin un máis, nin un menos. Non vos parece impresionante? (**ShuQing**)